

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DIA 17 DE XUNO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NUNEZ FEIJOO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERIA DE SANIDADE

- Proxecto de Lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

DECRETOS

CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PUBLICAS E XUSTIZA

- Decreto de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas o día 9 de xuno de 2010 na Marina lucense e nos concellos lim trofes.

CONSELLERIA DE EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela o profesor doutor Juan Jose Casares Long.

CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se determina o calendario laboral para o ano 2011 na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PUBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan estratéxico tecnolóxico global: *Axenda Dixital de Galicia 2014.gal*

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que a Xunta de Galicia interpon, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei organica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, conflito positivo de competencias contra a ORDE ITC/404/2010, do 22 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesion de axudas publicas a implantacion e desenvolvemento da responsabilidade social nas pequenas e medianas empresas: iniciativa "RSE-PEME"; e a Resolucion do 22 de marzo de 2010, da Secretaria Xeral de Industria, pola que se efectua, para o ano 2010, a convocatoria de axudas a implantacion e desenvolvemento da responsabilidade social nas pequenas e medianas empresas: iniciativa «RSE-PEME».

CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a colaboracion tecnica e financeira da Conseller a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Fonsagrada, para a selaxe do vertedoiro de residuos urbanos por importe de douscentos sesenta e sete mil cento trinta e seis euros con cincuenta e dous centimos (267.136,52 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboracion tecnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ribadumia, para a execucion da obra do anteproxecto da estacion depuradora de augas residuais (EDAR) de Ribadumia. Concello de Ribadumia. (Pontevedra), clave OH.336.945, por importe de sete millóns setecentos setenta e seis mil setecentos corenta euros con dous centimos (7.776.740,02 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboracion tecnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Pobra do Caraminal, para a execucion da obra de actuacións de saneamento da Comunidade Autonoma. Saneamento na Ribeirina. Fase II. Concello da Pobra do Caraminal (A Coruna), clave OH.315.955, por importe de seiscentos setenta e seis mil trescentos doce euros con noventa e tres centimos (676.312,93 €).

CONSELLERIA DE ECONOMIA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboracion entre a Conseller a de Econom a e Industria da Xunta de Galicia e a *Federacion de Mercados Centrales de la Comarca de Vigo-Mercacevi*, para a adecuacion e mellora da competitividade dos mercados na cidade de Vigo, por importe de un millon de euros (1.000.000 €).

CONSELLERIA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboracion subscrito entre a Conseller a de Presidencia, Administracions Publicas e Xustiza, a Conseller a de Sanidade, o Servizo Galego de Saude e a Federacion Galega de Municipios e

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Provincias (FEGAMP) para a realización do Programa de prestación de asistencia a drogodependencias (ADICCIONS) a través dos concellos que dispoñan de unidades asistenciais de drogodependencias

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de prevención de drogodependencias e adiccions sociais e comportamentais.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia para o financiamento das obras de posta en valor do Camino Francés a Santiago de Compostela, no espazo público de Boente de Arriba, en Arzua.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de posta en valor do Camino Francés a Santiago de Compostela, no espazo público de Santa Irene, no Pino.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de posta en valor do Camino Francés a Santiago de Compostela, no espazo público de Fonfría, en Pedrafita do Cebreiro.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de posta en valor do Camino Francés a Santiago de Compostela, no espazo público de Linares, en Pedrafita do Cebreiro.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de posta en valor do Camino Francés a Santiago de Compostela, no espazo público de San Paio, en Santiago de Compostela.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de posta en valor do Camino Francés a Santiago de Compostela, no espazo público de Santa María de Melide, en Melide.

INFORMACION AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a subscricion dun convenio de colaboracion entre o Ministerio de Fomento e a Conseller a de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de posta en valor do Camino Frances a Santiago de Compostela, no espazo publico de San Xiao do Camino, en Palas de Rei.
- Acordo polo que se autoriza a subscricion dun convenio de colaboracion entre o Ministerio de Fomento e a Conseller a de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de posta en valor do Camino Frances a Santiago de Compostela, no espazo publico de Ramil, en Triacastela.
- Acordo polo que se autoriza a subscricion dun convenio de colaboracion entre o Ministerio de Fomento e a Conseller a de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de posta en valor do Camino Frances a Santiago de Compostela, no espazo publico da Eirexe, en Monterroso.
- Acordo polo que se autoriza a subscricion dun convenio de colaboracion entre o Ministerio de Fomento e a Conseller a de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de posta en valor do Camino Frances a Santiago de Compostela no espazo publico da Parrocha, en Paradela.
- Acordo polo que se autoriza a subscricion dun convenio de colaboracion entre o Ministerio de Fomento e a Conseller a de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para o financiamento das obras de posta en valor do Camino Frances a Santiago de Compostela, no espazo publico de San Xil de Carballo, en Samos.

CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboracion entre a Conseller a de Traballo e Benestar e a Confederacion Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o financiamento dos programas de formacion ocupacional que se impartiran no centro de Fingoi (Lugo), dirixidos a persoas con discapacidade gravemente afectadas, e o programa de formacion profesional das persoas con discapacidade que residan na Comunidade Autonoma de Galicia.

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de caracter plurianual por parte da Conseller a de Medio Rural en relacion coa orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a moratoria dos prestamos vinculados coa mellora de explotacións e incorporacion das persoas mozas a actividade agraria.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE PREVENCIÓN DO CONSUMO DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS EN MENORES DE IDADE

- *O texto trata de promover nos máis novos un estilo de vida sen consumo de alcohol a través de medidas de prevención orientadas a diminución da demanda e medidas de limitación da oferta*
- *A través desta norma artellaranse actuacións para conseguir cambios de condutas, a través de accións educativas e de intervencións regulatorias, cun código de regulación mutua e sancións pedagoxicas*
- *As sancións poderán substituírse pola realización de actividades en beneficio da comunidade ou, no caso das referidas ao consumo por menores, pola inclusión destes en programas preventivos ou de tratamento*
- *Os ingresos producidos por imposición de sancións destinaranse a prevención da inxesta e ao financiamento de programas municipais de ocio para mozos*

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, aprobou hoxe o proxecto de Lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, dando así cumprimento ao compromiso adquirido cos cidadáns para tratar de atallar este crecente problema, ao tempo que se homologa a lexislación galega coa da inmensa maioría das comunidades autónomas.

Trátase dun proxecto de lei que trata de promover nos máis novos un estilo de vida sen consumo de alcohol a través de medidas de prevención orientadas a diminución da demanda e medidas de limitación da oferta de bebidas alcohólicas aos menores de 18 anos relativas tanto ao consumo, venda, subministración, publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas, así como o acceso a determinados tipos de locais nos que se consume alcohol.

Ademais, regula os instrumentos de intervención que garantan as actuacións en materia de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores e as previsións relativas a planificación e participación social, así como a determinación dos distintos niveis competenciais, co máximo respecto a autonomía municipal. No texto achéganse tamén definicións dos conceptos aos que fai referencia, incluíndo termos como horario nocturno, publicidade encuberta, promoción ou consumo abusivo.

Obxectivos

A norma ten como obxectivos definir as características que deben ter as estratexias de prevención neste eido; limitar o acceso dos menores ás bebidas alcohólicas; exercer o control administrativo desta restrición, abordando a venda, a subministración e o consumo; establecer limitacións ás prácticas de publicidade, promoción e patrocinio do consumo abusivo de bebidas alcohólicas; e establecer o rexime sancionador, o sistema de información sobre a aplicación da norma, as limitacións horarias á venda nocturna e as medidas de control en espazos de dominio público.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

As , a traves dela pretendense artellar actuacións para conseguir cambios de condutas, a traves de accións educativas e de intervencións regulatorias, cun código de regulación mutua e sancións pedagoxicas. A lei ten entre os seus principios reitores a participación activa da comunidade e dos sectores afectados na planificación e execución das actuacións de prevención, a coordinación das iniciativas neste sentido das distintas administracións públicas, a promoción de hábitos de vida saudables e a corresponsabilidade social.

Formalmente o anteproxecto consta de 39 artigos, 1 disposición adicional, 1 disposición transitoria, 1 derogatoria e 4 disposicións derradeiras. A división material desenvólvese en 3 títulos e en 5 capítulos.

Medidas de prevención

No que se refire a prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, a norma ten como obxectivo principal evitar os casos de trastornos aditivos e de consumos indebidos e abusivos destas, retrasando a idade de inicio da inxesta. Compre lembrar, neste sentido, que a enquisa de consumo de bebidas alcohólicas en Galicia (2008) revela que esta é de 14,1 anos, cunha tendencia de descenso.

As , combinarase o carácter educativo –orientado a diminución da demanda a traves da modificación de actitudes- coa protección da saúde orientada a diminución da oferta, a traves da modificación de contornos que faciliten a adopción de hábitos saudables, e a limitación de actividades que poidan favorecer o comezo do consumo. O proxecto de lei establece catro ámbitos prioritarios de prevención: o escolar, o familiar, o comunitario e o sanitario.

Limitacións da oferta

No que se refire as limitacións da oferta, queda expresamente prohibida a venda e subministración de bebidas alcohólicas –e de calquera produto que imite os envases destas- a menores de 18 anos, as como o seu consumo por eles. Tamen queda prohibida a venda, subministración ou inxesta de bebidas alcohólicas en centros docentes e espazos destinados a actividades deportivas cando as instalacións estean destinadas a menores ou os practicantes o sexan maioritariamente. A lei regula as mesmo a venda e subministración a traves de máquinas expendedoras, a información sobre as limitacións e o acceso de menores de idade a locais.

No que atinxe a publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas, prohíbese calquera campaña dirixida a menores de 18 anos que induza ao seu consumo. Tamen se prohíbe anunciar estas bebidas en centros docentes ou destinados a menores, as como nas publicacións dirixidas a estes. Neste sentido, a Xunta promoverá a formalización de acordos de autocontrol da publicidade no eido das empresas produtoras e distribuidoras, de bebidas alcohólicas as como con anunciantes e axencias de publicidade, para lograr os obxectivos desta lei.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais, o texto especifica a prohibicion de calquera tipo de promocion que puiden inducir ao consumo abusivo de bebidas alcoholicas, especialmente as de rebaixa dos seus prezos nos locais onde se consumen. Por ultimo, prohibe a venda de alcohol entre as 22.00 e as 9.00 h., excepto nos establecementos autorizados, cos seus horarios correspondentes.

Instrumentos de intervencion e sancions

A norma recolle tamen a creacion dun sistema de informacion –integrado no Sistema de Informacion de Saude de Galicia- sobre o consumo de alcohol en menores, para obter, analizar e difundir datos sobre os factores de risco e os protectores; sobre a incidencia destes comportamentos; sobre as actuacións en materia de prevencion; e sobre centros e programas.

Ademais, establecece que as administracions publicas, no eido das suas respectivas competencias, exerceran funcions de inspeccion e control do cumprimento das actuacións recollidas na lei. Os ingresos que se produzan por imposicion das sancions destinaranse a prevencion do consumo de bebidas alcoholicas en menores e ao financiamento de programas municipais de ocio para mozos.

As infraccions administrativas recollidas pola lei cualificaranse como leves, graves ou moi graves. As primeiras conlevan sancions de entre 601,01 e 3.005,06 euros, e entre elas incluese a venda de bebidas alcoholicas a menores ou o seu consumo por eles, se se produce por primeira vez.

As infraccions graves tenen sancions de entre 3.005,07 e 15.025,30 euros, e ref rense ao incumprimento de limitacions de consumo, venda e subministracion, de publicidade e de acceso de menores a locais de ocio, entre outras.

Por ultimo, as infraccions moi graves conlevan sancions de entre 15.025,31 e 601.012,11 euros, e constituen o incumprimento consciente dos requisitos, obrigas ou prohibicions establecidos nesta norma sempre que ocasionen danos ou risco sanitario grave; a resistencia ou coaccion as autoridades sanitarias e os seus axentes; e a reincidencia na comision de faltas graves nos ultimos cinco anos, entre outras.

Substitucion das sancions

A autoridade competente para a imposicion de sancions podera decidir, en funcion dela, a súa substitucion -por solicitude do infractor ou do seu representante legal- pola realizacion de traballos ou actividades en beneficio da comunidade.

Ademais, no caso das sancions referidas ao consumo de alcohol por menores, poderanse substituir logo de solicitude do menor –con conecemento e aceptacion dos seus pais ou titores- pola súa inclusion en programas preventivos ou de tratamento.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A norma esta destinada a converterse no marco legal de referencia que amparara calquera actuacion das autoridades competentes, tanto a nivel local como autonómico. Polo tanto, no seu articulado establece as competencias das distintas administracións públicas tanto no referente as sancions como a planificación, coordinacion e participacion social.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE MEDIDAS URXENTES POLO QUE DARA AXUDAS A 17 CONCELLOS PARA A REPARACION DOS DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIONS

- *Os concellos destinatarios da axudas son Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenza, Mondonedo, Oourol, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, Viveiro, O Vicedo e Xove na provincia de Lugo e Carino e Ortigueira na de Coruna*
- *Daranse axudas por danos causados en vivendas e enxoval domestico, en establecementos comerciais, industriais, tursticos e mercant s, nas explotacións agr colas e as entidades locais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe na súa xuntanza semanal o decreto de medidas urxentes para a reparacion dos danos causados polas inundacions acaecidas na Marina lucense durante os días 9 e 10 de xuno de 2010, que causaron danos en diversos bens de titularidade pública e privada. O decreto foi aprobado tras analizar o informe sobre os danos elaborado pola Axencia Galega de Emerxencias (Axega).

As axudas previstas neste decreto aplicaranse a reparacion dos danos e perdas polas inundacions nos termos e nas contas que se establezan neste as como nas correspondentes disposicións de convocatoria que o apliquen. Os termos municipais e núcleos de poboación afectados aos que concretamente lles serán de aplicación ditas axudas serán, na provincia de Lugo: Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenza, Mondonedo, Oourol, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, Viveiro, O Vicedo e Xove. Na provincia da Coruna, inclúense Carino e Ortigueira.

O decreto aprobado hoxe establece na súa disposición derradeira que se impulsara a creación dunha comisión coa Administración do Estado, a Deputación Provincial de Lugo e a da Coruna e as administracións locais afectadas, co fin de determinar as cantidades que achegaran por cada unha delas para a asunción de danos e, se e o caso, o sinalamento e identificación dos que serán reparados ou sufragados por cada administración.

A concesión de axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, do que poidan ser beneficiarios os afectados. Non obstante, cando os mencionados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas neste decreto concederanse con carácter complementario e serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos, procedentes de sistemas públicos ou privados, estatais ou internacionais, ata o límite do valor do dano producido.

O decreto faculta aos distintos titulares dos departamentos autonómicos para que diten as ordes necesarias para o seu desenvolvemento. As, corresponderán ao Instituto Galego de Vivenda e Solo as axudas por danos causados en vivendas e instalacións complementarias; mentres que as axudas para compensar os danos sufridos en

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís corresponderá a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Cultura e Turismo.

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural é a competente para habilitar as axudas por danos nas explotacións agrícolas e gandeiras e as axudas as entidades locais ou actuacións directas sobre os seus bens corresponden a Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a de Economía e Industria, a de Cultura e Turismo e a do Medio Rural, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións.

Poderán solicitar as axudas as persoas físicas propietarias de vivendas que sufrisen danos que afecten tanto o inmovible como o enxoval. As mesmo, poderán facelo os titulares dos establecementos comerciais, mercantís, industriais, turísticos e deportivos en que se producen danos derivados directamente do temporal. Tamen poderán solicitar axudas polos danos sufridos os titulares de explotacións agrícolas e gandeiras e as corporacións locais.

Antecedentes

A existencia de situacións de emerxencia de natureza catastrófica como as acontecidas na Marina pode traer consigo danos con repercusión no ámbito económico e social, o que fai necesario articular mecanismos de colaboración e cooperación entre todas as administracións implicadas. Xa o propio ditame do Comité das Rexións (2010/C 79/04) establece a necesidade dunha resposta inmediata e directa ante a existencia de calquera situación de natureza catastrófica.

O artigo 38 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, preve a actuación das administracións públicas na medida das súas competencias para a rehabilitación dos servizos esenciais para a comunidade que foran afectados pola situación de emerxencia, as como o establecemento de axudas en atención as necesidades derivadas das ditas situacións cando tenan natureza catastrófica.

Axudas por danos causados en vivendas e enxoval doméstico

Serán obxecto de axuda os danos causados polas inundacións na vivenda que constitúa a residencia permanente e habitual dos seus moradores e nas súas instalacións complementarias. Poderán recibir axudas ata o 100% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que o importe da axuda, en conxunto, poida superar o límite do 75% do prezo de venda dunha vivenda protexida de rexime xeral na mesma localidade.

Os danos no resto das vivendas poderán recibir axudas ata acadar o 40 por cento do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, aínda que en ningún caso poida superar o 40% do 75% do prezo de venda dunha vivenda protexida de rexime xeral na mesma localidade.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Seran igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval domestico de primeira necesidade cando non estivesen incluídos nas axudas que para o mesmo efecto puidesen aprobar outras administracións.

Axudas por danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís

Seran obxecto de axuda os danos provocados nos establecementos comerciais, industriais, turísticos ou mercantís como consecuencia dos estragos ocasionados polas inundacións nas súas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías nelas depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectados a estas actividades.

Axudas por danos nas explotacións agrícolas ou gandeiras

Seran obxecto de axudas os danos sufridos polos titulares de explotacións agrícolas ou gandeiras que, tendo polizas en vigor amparadas polo correspondente Plan de seguros agrarios combinados, sufrisen perdas superiores ao 30 por 100 da súa produción, de acordo cos criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

Axudas as entidades locais

Seran obxecto de axudas ou de actuación directa sobre os bens afectados, segundo os casos, os danos provocados en infraestruturas locais non previstos nas axudas que para o efecto puidesen aprobar outras administracións, así como os gastos extraordinarios en que incorresen como consecuencia directa das inundacións. As axudas terán, en todo caso, carácter complementario as que sexan aprobadas por outras administracións. Quedan excluídas as infraestruturas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.

**A CONSELLERIA DE EDUCACION NOMEA A JUAN JOSE CASARES LONG
NOVO REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- *O profesor doutor foi escollido pola comunidade universitaria nas eleccions do pasado 26 de maio*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento do profesor doutor Juan Jose Casares Long como reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela. Este nomeamento producese despois de que Casares Long fose elixido nas eleccions a Reitoría da USC o pasado 26 de maio.

Juan Jose Casares Long é catedrático, licenciado en Química pola Universidade de Santiago de Compostela, doutor en Química pola Universidade Autónoma de Barcelona e doutor en Enxeñaría Química pola Universidade de Salford. Tras desenvolver o seu labor docente no Colexio Universitario de Vigo, na Universidade do Petróleo e Minerais (Arabia Saudí) e na Universidade de Santiago de Compostela, foi técnico superior da Empresa Nacional de Electricidade, director do Centro de Supercomputación de Galicia, e director do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental da Xunta de Galicia. Ademais, foi director do Departamento de Enxeñaría Química da Universidade de Santiago de Compostela entre 2004 e 2008.

O CONSELLO DA XUNTA DA LUZ VERDE AO CALENDARIO LABORAL PARA O ANO 2011

- *O 1 de maio (Festa do Traballo) e o 25 de decembro (Nadal) coinciden en domingo, polo que seran substituídos polo 17 de maio (Día das Letras Galegas) e polo 19 de marzo (Día de San Xosé)*
- *En total, seran once días festivos, máis as dúas xornadas de festas locais*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto de decreto que determina o calendario laboral para o ano 2011 en Galicia. Esta axenda recolle tanto os festivos nacionais como os autonómicos, de xeito que son, en total, once días festivos de carácter retribuído e non recuperable.

E preciso sinalar que, ao coincidir o 1 de maio (Festa do Traballo) e o 25 de decembro (Nadal) en domingo, estes festivos seran substituídos polo 17 de maio (Día das Letras Galegas) e polo 19 de marzo (Día de San Xosé).

Polo tanto, o calendario laboral quedará configurado así :

1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Día de Reis
19 de marzo	San Xosé
21 de abril	Xoves Santo
22 de abril	Venres Santo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Santiago Apóstolo – Día de Galicia
12 de outubro	Día da Hispanidade
1 de novembro	Todos os Santos
6 de novembro	Día da Constitución
8 de decembro	A Inmaculada

A estes días haberá que sumar as dúas festas locais, que dependerán en cada caso dos distintos concellos, e que serán publicadas tanto nos boletíns oficiais da provincia como no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

**A AXENDA DIXITAL DE GALICIA INTEGRA AS ESTRATEXIAS PARA
CONVERTER AS TIC NO CATALIZADOR DA RECUPERACION ECONOMICA**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o documento que define as políticas tecnolóxicas da Comunidade en converxencia coa estratexia europea*
- *2014.gal Axenda Dixital de Galicia conta cun orzamento de máis de 900 millóns de euros de fondos públicos*
- *O Goberno galego aposta por unha nova economía baseada no coñecemento e alinada coa Axenda Dixital Europea*
- *A Xunta impulsa un cambio do actual modelo produtivo en que as novas tecnoloxías teñen un papel clave*
- *As 7 liñas estratéxicas e os 40 programas da Axenda reforzan transversalmente os eixes de actuación do Plan estratéxico 2010-2014*
- *Reducirase nun 25% o gasto anual en TIC, aforrando as 30 millóns de euros cada ano a partir do 2014*
- *Para impulsar o emprego promoverase a creación, so no sector TIC, de máis de 12.000 empregos ata 2014*
- *Que o 100% dos funcionarios públicos contén con competencias dixitais para construír unha Administración máis eficiente*

Dentro da estratexia do Goberno galego en materia da sociedade da información a Xunta define en 2014.gal Axenda Dixital de Galicia as actuacións para maximizar o potencial social e económico das tecnoloxías da información e a comunicación como peza clave que axude a converter a economía actual nunha economía intelixente, sustentable e integradora cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial.

Cun orzamento público de preto de máis de 900 millóns de euros, na Axenda Dixital de Galicia integráranse tamén os esforzos privados, que se estiman nuns 700 millóns de euros, fundamentalmente no despregamento de novas infraestruturas de telecomunicación. En total o esforzo conxunto destinado ao desenvolvemento da sociedade da información achegarase aos 1.600 millóns de euros.

Obxectivos e liñas estratéxicas

O documento aprobado hoxe no Consello da Xunta recolle cinco obxectivos estratéxicos: a modernización da Administración para facela máis eficiente, eficaz e próxima a sociedade; a competencia dixital dos cidadáns como base para o emprego de calidade; o cambio profundo, a través do uso das TIC, do modelo produtivo; a transformación e articulación dos axentes do sector TIC para convertelo en sector estratéxico de futuro e tractor do resto de sectores clave para Galicia e o despregamento de infraestruturas de telecomunicación para a vertebración territorial.

A Axenda Dixital de Galicia, con sete liñas estratéxicas e 40 programas, é o instrumento que establece o xeito en que as políticas tecnolóxicas apoian e reforzan

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

transversalmente os distintos eixes de actuación do Plan estratéxico; e a resposta para 2014 ao reto do crecemento intelixente, baseado no coñecemento e na innovación.

Compromisos

No marco destes obxectivos, a folla de ruta que establece a Axenda Dixital determina unha serie de compromisos da Xunta de Galicia para facilitar a converxencia con Europa e o crecemento sustentable.

Para impulsar o emprego promoverase a creación, so no sector TIC, de máis de 12.000 empregos ata 2014, pasando do 1,6% ao 2,5% da poboación ocupada. Ademais, potenciarase a transformación do sector da economía do coñecemento para aumentar a súa actividade económica en 1.350 millóns de euros máis para o 2014, pasando do 4,8% ao 6% do PIB e iniciando así a senda de converxencia con España e con Europa no que representa este sector para a economía dun país.

Co obxectivo de conseguir unha Administración máis eficaz, a Xunta de Galicia reducirá nun 25% o gasto anual en TIC, aforrando así 30 millóns de euros cada ano a partir do 2014 e dedicando eses cartos a accións de investimento no marco que define esta Axenda Dixital. Así mesmo, reafirmase o compromiso de que no ano 2014 todos os expedientes administrativos poderán ser tramitados a través da internet.

A capacitación dixital dos cidadáns implica, entre outras medidas, que o 100% dos funcionarios públicos contén con competencias dixitais para construír unha Administración máis eficiente e orientada ao cidadán. Adoptaranse medidas para reducir drasticamente a fenda dixital.

En canto ás infraestruturas, a Xunta puxo en marcha o Plan de banda larga para que o 100% da poboación poida contar con acceso a internet de polo menos 2 Mbps e un millón de galegos teña acceso a redes de nova xeración con velocidades de 100 Mbps en 2013.

Novas iniciativas para unha nova economía

A Axenda Dixital aborda un complexo proceso de transformación que require iniciativas novas para afrontar outro modelo de crecemento, que se puxo en marcha co novo Plan estratéxico 2010-2014 e que busca chegar a unha nova economía baseada no coñecemento ponendo en valor o potencial de Galicia no ámbito das TIC.

Por este motivo, unha das medidas que se adoptaran será a posta en marcha dunha factoría de emprendedores TIC, que permitirá crear un mercado de iniciativas emprendedoras TIC, ao cal concorrán emprendedores, investigadores, usuarios – empresas e administracións – e investidores, para impulsar a creación e consolidación de empresas de base tecnolóxica a partir do emprendemento.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia pretende estar na vangarda tecnolóxica e incentivar a innovación TIC sendo pioneira en España na conformación dun sistema de compra pública de tecnoloxía innovadora (CPTi) no eido das TIC. A CPTi dáse cando as administracións manifestan a intención anticipada de adquirir produtos ou servizos que implican desenvolvementos TIC innovadores mentres articulan instrumentos de apoio para a I+D+i neste eido, obtendo esas solucións avanzadas e aumentando a capacidade de competir no exterior das empresas que desenvolven as devanditas solucións.

Porase en marcha unha batería de medidas para impulsar unha incorporación decidida das TIC a xestión das pemes e as micropemes. Nesta liña o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia actuará como demostrador de solucións TIC, converténdose en punto de encontro entre o sector TIC e as pemes e autónomos. Ademais, crearase unha rede de titores tecnolóxicos asociada a rede CeMIT, que acompañará e asesorará aos empresarios na súa incorporación ao mundo das novas tecnoloxías.

Calidade de vida e cohesión social

A economía da saúde e a cohesión social ocupan un lugar prioritario no desenvolvemento das iniciativas de 2014.gal. Por iso se constituirá, a través da acción coordinada das administracións implicadas, un servizo integral de atención ao maior, aproveitando o potencial das TIC para prestar servizos no domicilio. Deste xeito, transformarase o domicilio do maior nun domicilio dixital, cubrindo todas as necesidades de atención e xestionando de xeito integral o servizo a través dunha canle única de atención.

Complementariamente, Galicia pora en marcha o primeiro Laboratorio Cidadán (Living Lab) da Dependencia. Nun Living Lab, os organismos públicos, as entidades privadas, os usuarios finais e as empresas TIC comparten un espazo común para probar, de xeito real, solucións tecnolóxicas innovadoras.

A Xunta de Galicia apostará decididamente polo fogar dixital, aquel que dispoñe dos elementos domóticos – seguridade, confort, aforro enerxético –, informáticos e de ocio e entretemento conectados entre si e a rede de redes, prestando apoio directo as familias galegas para o acceso a este novo panorama de servizos.

Autonomía das persoas

A autonomía das persoas para vivir e traballar na sociedade da información e outro dos principios esenciais da Axenda Dixital. Para sentar as bases no longo prazo, a través do proxecto ABALAR prevése que 87.000 alumnos de máis de 1.000 centros educativos empreguen as novas tecnoloxías na súa actividade educativa habitual en 2013.

A loita contra a fenda dixital e o aumento da empregabilidade dos galegos e galegas artellarase a través das aulas públicas de acceso a internet (rede CeMIT). Máis de 60.000 persoas serán formadas na rede, formación que será reconecida coa posta en marcha dun sistema de acreditación das competencias dixitais adquiridas, como medio

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

para mellorar a insercion laboral e fomentar as unha sociedade da informacion inclusiva, dinamica e cada vez mais competitiva. A rede CeMIT sera complementada coa creacion dunha rede de voluntariado para a inclusion dixital, especialmente enfocada ao mundo rural.

Galicia na rede

Ademais do apoio ao tecido empresarial de creacion multimedia, desde o ambito publico porase en marcha unha iniciativa pioneira para construír a Mediateca Dixital de Galicia, que dixitalice e pona en rede todos os fondos culturais e museísticos do país – tanto bibliográficos como audiovisuais-. O obxectivo é xuntar as actuais accións dispersas e implantar unha rede de colaboración entre as principais institucións culturais de Galicia, tanto públicas como privadas para integralas en *Europeana*, a biblioteca dixital pública da UE, cuxo lanzamento esta previsto para este 2010.

En pleno auxe das redes sociais, buscábase converter a Galicia nunha das primeiras rexións 2.0 de Europa, tecendo arredor do tecido asociativo e das iniciativas individuais e institucionais unha rede de redes sociais – Galicia 2.0 – que dea cumprimento ao mandato da Unión Europea de promover a diversidade e a creatividade cultural das rexións que a integran.

Xestión eficiente e austera

Un novo modelo de xestión pública compartido, corresponsable e aberto chega tamen ao eido tecnolóxico. A Axenda Dixital incorpora principios como a transversalidade, a eficiencia e o aforro de custos. Algunhas liñas de actuación neste terreo son a posta en marcha dun Centro de Proceso de Datos (CPD) único, que dará servizo a toda a Administración galega de forma centralizada. Esta é unha das medidas que contribuirá a reducir nun 40% os custos de mantemento da infraestrutura tecnolóxica.

Ademais, adoptarase un modelo *Green IT* que procurará unha redución do consumo de enerxía das infraestruturas TIC do 30% en 2014, dez puntos por encima da media acordada para a Europa 2020. Pretendese, ademais, que en 2014 se reduza a metade o custo actual en licenzas software, a través da cooperación con outras administracións do Estado, da racionalización dos mecanismos de adquisición e da incorporación de solucións de fontes abertas.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA LEVARA ANTE O CONSTITUCIONAL UNHAS AXUDAS ESTATAIS A PEMES POR NON RESPECTAR INTERESES PROPIOS DA COMUNIDADE GALEGA**

- *O pasado 22 de abril o Consello da Xunta xa lle formulou un requirimento de incompetencia por considerar que a xestión destes fondos lle correspondera a Comunidade Autónoma galega*

O Consello da Xunta deu o visto e praxe esta mana a proposta da Comisión de seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas para a interposición dun conflito positivo de competencias ante o Tribunal Constitucional respecto dunha convocatoria para a concesión de axudas públicas as pemes.

En concreto, tratase da Orde ITC/404/2010, do 22 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a concesión de axudas públicas a implantación e ao desenvolvemento da responsabilidade social nas pequenas e medianas empresas: iniciativa "RSE-PEME"; e a Resolución do 22 de marzo de 2010, da Secretaría Xeral de Industria, polo que se efectúa a convocatoria destas axudas para o ano 2010.

O pasado 22 de abril, o Consello da Xunta xa lle formulou un requirimento de incompetencia ao Estado para que proceda a anulación destas normas, por considerar que invaden as competencias e os intereses propios da Comunidade galega. No seu momento argumentouse que as actuacións subvencionadas que se desenvolven sobre as pemes, que, pola súa dimensión, teñen un marcado carácter local ou autonómico e, polo tanto, son as comunidades autónomas as administracións máis cercanas e as que habitualmente interactúan con elas. Ademais, ao tratarse dunha acción subvencional, débense aplicar as regras establecidas pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional relativa ao *spending power* ou poder de gastar do Estado.

Así, segundo o Constitucional, este poder de gasto non constitúe un título atributivo de competencias e vai unido a competencia sobre a materia en que incide. Polo tanto, de acordo coa análise da distribución de competencias levada a cabo polos profesionais da Xunta de Galicia, conclúese que a execución da lexislación estatal na materia referida correspóndelle a Comunidade Autónoma.

Ademais, para o Goberno galego a "supraterritorialidade" non constitúe ningún título atributivo de competencias nin despraza a competencia cara ao Estado, xa que segundo a doutrina do Tribunal Constitucional a supraterritorialidade, e dicir, o feito de que o obxecto subvencional transcenda dunha comunidade autónoma, non implica de modo automático a exclusión das competencias autonómicas de execución.

Doutra banda, e de acordo coa combinación entre a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, as axudas deben respectar a distribución de facultades

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

preceptuadas. As , o Estado poder a consignar subvencions de fomento nos seus orzamentos xerais, especificando o seu destino e regulando as suas condicoes esenciais de outorgamento ata onde o permita a súa competencia xenerica, basica ou de coordinacion. Non obstante debe deixar unha marxe as comunidades autonomas para concretar con maior detalle a afectacion ou destino, ou, polo menos, para desenvolver e complementar a regulacion das condicions de outorgamento das axudas e a súa tramitacion. En todo caso a xestion destes fondos corresponde a Comunidade Autonoma.

Con posterioridade, mediante acordo do Consello de Ministros do d a 20 de maio de 2010, aprobouse un acordo polo que se da contestacion ao requirimento de incompetencia formulado polo Consello da Xunta en que non se da resposta positiva a ningun dos pedimentos nel contidos, e no que non se aduce ningun argumento xur dico valido que rebata os establecidos no requirimento de incompetencia acordado polo Consello da Xunta.

As , de conformidade coas conclusiones acadadas pola Comision de seguimento de disposicions normativas estatais e doutras comunidades autonomas o 7 de xuno de 2010, procede interponer conflito positivo de competencias contra a devandita resolucion, co fin de que se proceda a súa anulacion nos termos sinalados no requirimento aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunion do vinte e dous de abril de dous mil dez.

As , de conformidade co informe da Asesor a Xur dica Xeral da Xunta de Galicia, e logo da aprobacion da Direccion Xeral de Relacions Institucionis e Parlamentarias, as como da Secretar a Xeral de Industria, a Comision de seguimento de disposicions normativas do Estado e doutras comunidades autonomas considerou oportuno continuar co procedemento de conflitividade constitucional e que sexa o Tribunal Constitucional, como interprete supremo da Constitucion, o que resolva a controversia.

MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 300.000 EUROS NA SELAXE DO VERTEDOIRO DA FONSAGRADA, EN LUGO

- *A superficie do vertedoiro e de 5.000 metros cadrados e o volume de residuos urbanos depositados ascende a 9.000 metros cubicos*
- *Esta actuacion enmarcase dentro do Plan de Xestion de Residuos Solidos Urbanos*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico-financieira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas na selaxe do vertedoiro de residuos sólidos urbanos de Fonsagrada, en Lugo.

O vertedoiro da Fonsagrada atópase situado na parroquia de Viero, concretamente a uns 8 quilómetros da Fonsagrada cuxo acceso é desde a estrada A Fonsagrada-Asturias (LU-701). O vertedoiro ocupa unha superficie de 5.000 metros cadrados e o volume de residuos urbanos depositados ascende a 9.000 metros cubicos.

Obras que se van levar a cabo

As obras dirixidas a selaxe e a clausura do vertedoiro de residuos urbanos levaranse a cabo en varias fases. Primeiro, será necesario efectuar un control de accesos e sinalización do lugar concreto onde se sitúa o vertedoiro. Xa, posteriormente, será preciso reperfil a masa de residuos e proceder ao movemento de terras, e dicir, levar a cabo os pasos previos a selaxe definitiva do vertedoiro.

A recollida e o control dos lixiviados será mediante a instalación dun depósito de 20 metros cubicos de capacidade que conectará cunha rede de tubaxes duns 160 mil metros de diámetro e máis de 300 metros de lonxitude. O control de augas de escorrentía superficial farase mediante a execución dunha cuneta triangular de formigón con zanxas de drenaxe compostas dunha tubaxe que permitirá evacuar o material de escorrentía. A extracción dos gases emitidos será o seguinte paso. O proceso farase mediante un sistema de captación e eliminación de biogases mediante campas extractoras subterráneas a 3 metros de profundidade.

Seguidamente procederase a impermeabilización superior do vertedoiro e a selaxe final que permitirá recuperar a zona en beneficio dos veciños. Para isto, será necesario estender varias capas que cubran a superficie do lugar que antes ocupaba o vertedoiro. A primeira capa actuará como impermeabilización; para o cal haberá que instalar unha lamina xeotextil de 30 centímetros de espesor. A seguinte capa actuará como drenaxe das augas subsuperficiais e, finalmente, colocarse unha capa de cubrición rematada por unha capa final de vexetación. Compre engadir que todas as capas terán unha extensión de 6.000 metros cadrados.

Para habilitar o camiño de acceso ao depósito será necesario revexetar 11.000 metros cadrados de superficie para así poder facilitar o acceso a zona rexenerada e para conseguir unha maior integración paisaxística e a redución do impacto visual. Isto

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

consegua beneficiar aos mais de 1.000 habitantes da parroquia, as como aos case 5.000 vecinos da Fonsagrada.

Obrigas da conseller a e do Concello

A Conseller a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comprometeuse a financiar a totalidade da actuacion con preto de 300.000 euros distribuidos en duas anualidades; no 2010 aportara 85.000 euros e no 2011 seran 182.136,52.

Pola súa parte, o Concello da Fonsagrada ponera a disposicion da conseller a os terreos libres de cargas e gravames, as como os correspondentes permisos e autorizacions necesarias para levar a cabo as obras da selaxe e clausura do vertedoiro. Tamen debera asumir os labores de mantemento e conservacion.

Plan de Xestion de Residuos Solidos Urbanos

Actualmente, a Conseller a de Medio Ambiente, a traves da Secretar a Xeral de Calidade e Avaliacion Ambiental, xa ten pechados 230 vertedoiros.

Un dato significativo e o feito de que na actualidade 293 concellos envian residuos a valorizacion enerxetica na planta de Sogama, o cal beneficia a mais de 2,3 millóns de habitantes. A Comunidade galega situase a vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispoñer dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentable, dentro do territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos, garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

Por ultimo, compre sinalar que a progresiva incorporacion dos concellos de Galicia a un adecuado tratamento dos seus residuos permitiu acometer as accións pertinentes para unha restauracion dos espazos ocupados polos antigos vertedoiros mediante a adecuacion destes a normativa vixente ou, se e o caso, a selaxe e clausura definitiva, por estar completa a súa capacidade ou por existiren outras alternativas para o tratamento final dos residuos.

Por ultimo, compre sublinar que a prevision do departamento de Hernandez e que no horizonte de 2012 se selen todos os vertedoiros de Galicia, salvo aqueles que nese momento poidan ter autorizacion e se atopen en fase de explotación.

AUGAS DE GALICIA INVISTE PRETO DE 7,8 MILLONS DE EUROS NA EXECUCION DUNHA DEPURADORA PARA SANEAR A DESEMBOCADURA DO RIO UMIA

- *A estacion situarase nunha parcela de 18.422 m² na marxe dereita do río Umia, ao leste do núcleo de Covas de Lobos, en Cambados*
- *A estacion contará cunha liña de auga en que se realizarán múltiples procesos como un bombeo de auga bruta, desareado ou desinfección*
- *Renovarase o bombeo de augas residuais en Barrantes e farase limpeza da tubaxe mediante a inxección de auga a presión*
- *Augas de Galicia estima un prazo de execución das obras de saneamento de 18 meses aproximadamente*
- *Esta actuación mellorará a calidade das augas da ría de Arousa*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración técnico-financieira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ribadumia para a execución da estación depuradora de augas residuais (EDAR) deste concello pontevedrés, que axudará a sanear a desembocadura do río Umia.

O Goberno galego realizará unha achega económica de preto de 7,8 millóns de euros distribuídos en catro anualidades que se corresponden co intervalo comprendido entre o presente ano 2010 e o vindeiro 2013. Compresinalar que esta actuación hidráulica tamen mellorará a calidade das augas da ría de Arousa.

Depuradora

O convenio centrase na construción dunha estación depuradora na ribeira do Umia para evitar os problemas que se están a producir na rede municipal. Tamen é preciso incrementar a capacidade da infraestrutura hidráulica para dar servizo as futuras incorporacións previstas.

A depuradora localizarase nunha parcela de 18.422 m² na marxe dereita do río Umia, ao leste do núcleo de Covas de Lobos, en Cambados. Trátase dunha EDAR convencional que poderá dar servizo a unha poboación de ata 15.000 habitantes.

A estación contará cunha liña de auga en que se realizarán múltiples procesos como un bombeo de auga bruta, pretratamento, desareado, decantación secundaria e desinfección por ultravioleta. A infraestrutura tamen disporá de liña de lodos para a extracción e o seu bombeo ao espesamento.

Obras complementarias

O anteproxecto tamen prevé a adecuación da rede de saneamento asociada ao colector do Umia. Para isto, será precisa a renovación do bombeo de augas residuais en Barrantes, que pasará a impulsarse por caudal punta en tempo húmido de 174 l/s ata o

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

bombeo de cabeceira da EDAR. Executarase un pozo de bombeo composto por tres bombas somerxibles en paralelo cunha capacidade de elevacion de 95 l/s.

Por outra parte, rehabilitarase o treito de tubaxe en PVC e diametro de 630 mm que cruza actualmente baixo o río Umia ata o bombeo de Barrantes. Farase a limpeza da tubaxe mediante a inxeccion de auga a presion e a posterior rehabilitacion da conducion mediante encamisado. Para isto, sera necesario realizar un desvío mediante bombeo provisional e tubaxe flotante para desviar as augas residuais ata a arqueta de entrada a estacion de bombeo de Barrantes.

Compre sinalar que Augas de Galicia estima un prazo de execucion das obras de saneamento de 18 meses aproximadamente.

O departamento que dirixe Agustín Hernandez colabora de xeito tecnico e financeiro cos entes locais debido a escasa capacidade economica que tenen os concellos para asumir o orzamento destas obras. Ademais, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pretende dotar os municipios galegos das infraestruturas necesarias para fomentar o desenvolvemento social e economico, mellorando tamen a calidade de vida dos habitantes.

MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 700.000 EUROS NA EXECUCION DA SEGUNDA FASE DO SANEAMENTO NA RIBEIRINA, QUE MELLORARA O SANEAMENTO DA RIA DE AROUSA

- *As obras centraranse na instalacion de tubaxes destinadas a recollida e transporte de augas fecais e pluviais as como un pozo de bombeo*
- *A Administracion hidraulica de Galicia financia o 100% das obras*
- *Os obxectivos destes acordos son dotar os municipios galegos das infraestruturas necesarias para fomentar o desenvolvemento social e economico, mellorando tamen a calidade de vida dos habitantes*
- *O prazo de execucion destes traballos hidraulicos e de seis meses*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboracion tecnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Pobra do Caraminal para a execucion das actuacións da segunda fase do saneamento na Ribeirina, que mellorara o saneamento da ría de Arousa.

A Xunta de Galicia realizara unha achega económica de preto de 700.000 euros distribuídos en dúas anualidades que se corresponden co presente ano 2010 e o vindeiro 2011. As, cabe citar que a Administración hidráulica de Galicia financia o 100% destes traballos.

O presente proxecto preve obras centradas na recollida de augas residuais dos núcleos de Ribeirina e O Conchido que serán transportadas mediante colectores e impulsadas ata o colector executado na primeira fase.

Traballos que se van realizar

No que se refire as augas fecais, instalaranse 2.109 metros de lonxitude paralelos a estrada que une Padron e Ribeira (AC-305) as como 807 metros destinados a augas pluviais. Tamen se executara un pozo de bombeo en formigón armado de 2,4 x 5 metros en planta e profundidade de 3,25 metros.

O convenio abrangue entre os seus cometidos a reposición dos servizos e pavimentos afectados polas citadas obras de saneamento.

O departamento que dirixe Agustín Hernández colabora de xeito técnico e financeiro cos entes locais debido a escasa capacidade económica que teñen os concellos para asumir o orzamento destas obras. Ademais, a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pretende dotar os municipios galegos das infraestruturas necesarias para fomentar o desenvolvemento social e económico, mellorando tamen a calidade de vida dos habitantes.

O prazo establecido para a execución dos citados traballos de saneamento e de seis meses aproximadamente.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Primeira fase**

Compre lembrar que a Xunta de Galicia tamen financiou a primeira fase da obra de saneamento na Ribeirina, que foi adxudicada en maio de 2007 a empresa *Proyecon Galicia*, por un importe de 588.885 euros. As obras xa estan rematadas e pendentes de ser recibidas pola Administracion.

Esta primeira fase consistiu na execucion de dous pozos de bombeo para recollida de augas residuais e a súa incorporacion a rede existente da Pobra. Como a infraestrutura de saneamento a que se incorporaban as augas non era suficiente, na mesma obra aumentouse de capacidade un bombeo existente e o colector de chegada a Pobra, pasando de ter un diametro de 400 mm a un diametro de 630 mm.

ECONOMIA E INDUSTRIA INXECTARA 1 MILLON DE EUROS PARA A MODERNIZACION DOS SETE MERCADOS DE VIGO

- *O apoio aos mercados das Travesas, Bouzas, Teis, O Calvario, Progreso, Berbes e Cabral, organizados en Mercacevi, enmarcase no conxunto de actuacións desenvolvidas no Plan Agora, agora Re-comercio 2010-2013.*
- *Estes mercados tenen unha estrutura organizada e unha unidade xestión profesionalizada que debe servir de exemplo ao resto das máis de 100 prazas de abastos existentes en Galicia*
- *O convenio de colaboración autorizado hoxe con Mercacevi, que permitira establecer anticipos do 80% da subvención, está orientado a atender as peticións dos comerciantes que traballan nestes mercados para mellorar as instalacións das prazas e ampliar a oferta de servizos aos consumidores*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería de Economía e Industria coa Federación de Mercados Centrais da Comarca de Vigo (Mercacevi) polo que o departamento que dirixe Javier Guerra subvencionará con un millón de euros as accións encaminadas a modernización dos mercados que compoñen este colectivo, que son os das Travesas, Bouzas, Teis, O Calvario, Progreso, Berbes e Cabral.

O Plan Agora, agora Re-comercio 2010-2013 configura os mercados municipais como un obxectivo estratéxico prioritario no desenvolvemento e dinamización do comercio de proximidade. Os mercados de abastos actúan como motores impulsores da actividade comercial no núcleo urbano desenvolvendo un papel que trascende do plano económico e alcanza niveis socioculturais, exercendo de puntos de encontro, intercambio e comunicación entre os cidadáns. Sen esquecer a importante misión que realizan na oferta e comercialización de produtos autóctonos e de calidade procedentes do mar, da horta e da gandería.

Por esta razón, a Consellería de Economía e Industria entende prioritaria a súa mellora, modernización e dinamización, ao cal se suma o feito de que das máis de 100 prazas de abastos existentes en Galicia, só as situadas no Concello de Vigo presentan unha estrutura organizada e cunha unidade de xestión profesionalizada, que as diferencia das restantes, o que favorece o apoio do departamento que dirixe Javier Guerra a este modelo de xestión, entendido como transcendental para acadar o obxectivo de dinamización das prazas de abastos, emprendendo un proxecto piloto para dinamizar e modernizar a xestión dos mercados que sirva de exemplo ao resto das prazas de abasto galegas.

O convenio autorizado hoxe, que permitira establecer anticipos de ata o 80% da subvención, está orientado a atender as peticións dos comerciantes que traballan nestes mercados para mellorar as instalacións das prazas, ampliar a oferta de servizos aos consumidores (aparcadoiro, sistemas de xestión de residuos, cartons de fidelización,

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

implantacion dun sistema de venda directa do produtor ao consumidor...), buscar unha maior complementariedade da mestura comercial que permita a venda de alimentacion xunto coa oferta doutros produtos non alimentarios, reforzar a formacion dos comerciantes e incorporar novos criterios de xestion nos mercados.

Estas accions buscan un dobre obxectivo. Por unha banda beneficiaran o conxunto dos cidadans co fomento da calidade do comercio galego e o crecemento do emprego a traves da mellora dos mercados municipais que contaran cun tecido comercial diverso, dinamico, equilibrado e capaz de satisfacer as necesidades da demanda. Pola outra, beneficiaran a actividade comercial mellorando unha formula de distribucion comercial especifica das prazas de abastos a traves da súa modernizacion fisica, da mellora dos procesos de xestion comercial e o fomento do asociacionismo.

Os mercados municipais do Calvario, Travesas, Progreso, Teis, Bouzas, Cabral e Berbes tenen unha superficie comercial duns 10.000 metros cadrados e contan con 310 postos nas suas instalacions, que semanalmente reciben mais de 56.000 visitas de clientes, cunha frecuencia de compra de duas veces por semana, mantendo uns 500 postos de traballo directos e uns 100 indirectos.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta**SANIDADE DESTINA MAIS DE 5,5 MILLONS DE EUROS AOS CONCELLOS GALEGOS PARA A REALIZACION DE PROGRAMAS DE PREVENCION E ASISTENCIA DE DROGODEPENDENTES**

A Conseller a de Sanidade ven de autorizar a sinatura de dous proxectos de acordo en materia de drogodependencias. O primeiro deles, subscrito entre a Conseller a de Presidencia, Administracions Publicas e Xustiza; a Conseller a de Sanidade; o Servizo Galego de Saude; e a Federacion Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), por un importe de 4.613.066 euros, vai destinado a realizacion do programa de prestacion de asistencia a drogodependencias (Adiccions), a traves dos concellos que dispoñan de unidades asistenciais de drogodependencias. Por medio desta iniciativa, canal zase todo o financiamento a traves do Pacto Local para a realizacion de actividades de asistencia por parte dos concellos.

Estes convenios v nanse tramitando en anos anteriores como subvencions nominativas instrumentadas a traves de convenios singulares, polo que o financiamento se atopaba excesivamente fraccionado e disperso, tanto na tramitacion coma na xestion posterior do pagamento.

Deste xeito, as gnase a Federacion Galega de Municipios e Provincias o papel de entidade colaboradora e enlace dos concellos representados nela, e canal zase o financiamento disponible simplificando a xestion e concentrando o esforzo de fomento administrativo nunha mesma direccion.

En consecuencia, o departamento que dirixe Pilar Farjas asegura a continuidade asistencial da poboacion acollida a este programa, utilizando as estruturas existentes nos concellos, as como a eficiencia na asignacion dos recursos limitados disponibles aos obxectivos establecidos.

O total de 4,6 millóns de euros destinado por Sanidade desagregase, por concellos, do seguinte xeito: Burela, 236.754 euros; Cangas, 247.506 €; Carballo, 227.303 €; O Grove, 245.001 €; Monforte, 224.527 €; Noia, 149.720 €; Ourense, 466.983 €; Pontevedra, 436.490 €; O Porrino, 267.188 €; Ribeira, 421.612 €; Santiago de Compostela, 617.268 €; Vigo (Cedro), 614.039; e Vilagarc a de Arousa, 458.669 euros.

O segundo proxecto de acordo hoxe aprobado autoriza a sinatura dun convenio de colaboracion entre a Conseller a de Presidencia, Administracions Publicas e Xustiza; a Conseller a de Sanidade; o Servizo Galego de Saude, e a FEGAMP, para a realizacion de programas de prevencion de drogodependencias e adiccions sociais e comportamentais, por un importe de 904.400 euros.

Igualmente, a traves deste convenio, o departamento que dirixe Pilar Farjas colaborara cos concellos no financiamento dos custos que supona a realizacion de programas de

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

prevención de drogodependencias e adiccions sociais e comportamentais, que se vinan tramitando como gasto recorrente a través de convenios singulares anuais ao abeiro do Plan de Galicia sobre Drogas. Deste xeito, e igual que nas anteriores axudas, asgnase a Fegamp o papel de enlace cos concellos e canalízase e simplifícase a xestión.

A desagregación dos 904.400 euros, por concellos, é a seguinte: Ames, 16.625; O Barco de Valdeorras, 9.500; Betanzos, 19.475; Boqueixón, 11.875; Burela, 19.000; Cangas, 21.375; Carballino, 11.875; Carballino Mancomunidade, 10.450; Carballo, 26.125; Catoira, 30.875; Celanova Mancomunidade, 10.450; Ordes Mancomunidade, 19.000; A Coruña, 49.875; Cuntis, 14.250; Culleredo, 14.250; A Estrada, 14.250; Fene, 16.625; Ferrol, 38.000; O Grove, 19.000; Lalín, 19.000; Lugo, 40.375; Marín, 14.250; Monforte, 14.250; Noia, 16.625; Ourense, 45.125; Ponteareas, 10.925; Pontedeume, 18.050; Pontevedra, 38.000; Porrino, 11.875; Rabade, 11.875; Redondela, 19.000; Rianxo, 14.250; Ribadeo, 14.725; Ribeira, 16.625; Santiago, 47.500; Sanxenxo, 16.625; Sarria, 14.250; Tui, 12.350; Val Minor Mancomunidade, 26.125; Verín Mancomunidade, 11.875; Vigo, 52.250; Vilagarcía de Arousa, 33.250; e Vilalba, 12.350.

CULTURA E TURISMO PON EN MARCHA ONCE ACTUACIONES DE POSTA EN VALOR DE ESPAZOS PUBLICOS DO CAMINO FRANCES POR UN IMPORTE DE 2,1 MILLONS DE EUROS

- *A Consellería de Cultura e Turismo executará once proxectos de obras de restauración e posta en valor dos espazos públicos do Camino Frances orzamentadas en 2.117.987 euros. As actuacións serán cofinanciadas pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento*
- *Os traballos enmarcáanse no Plan de restauración e posta en valor dos Caminos de Santiago, elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que pretende recuperar os lugares de uso comunitario (prazas, fontes, lavadoiros,...) para mellorar as condicións de uso dos seus habitantes e dos peregrinos*
- *Esta primeira fase do plan inclúe actuacións nos seguintes municipios do Camino Frances: Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos, Paradela, Monterroso e Palas de Rei na provincia de Lugo; e Melide, Arzua, O Pino e Santiago de Compostela na provincia da Coruña*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dos convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Fomento para o cofinanciamento das obras de posta en valor dos espazos públicos do Camino de Santiago Frances en dez concellos de Galicia. Os once traballos proxectados contarán cun investimento total de 2.117.987 euros e enmarcáanse no Plan de restauración e posta en valor dos Caminos de Santiago elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que pretende rehabilitar e acondicionar os espazos públicos, carballeiras e patrimonio etnográfico do seu contorno co obxectivo de mellorar as condicións para o uso dos seus habitantes e dos peregrinos destas rutas. O programa propón a recuperación sustentable e a posta en valor dos lugares de uso comunitario (prazas, fontes, lavadoiros, ...) que serven de punto de encontro para a celebración de reunións, festas ou actividades comúns nos núcleos rurais. Son espazos de intercambio de cultura e coñecementos que fomentan as actividades sociais e que constitúen sinais de identidade propios e singulares da nosa paisaxe cultural.

En virtude dos convenios autorizados hoxe, desenvolveráanse once actuacións en dez municipios de Galicia polos que discorre o Camino Frances. Con este programa actuaráse nos tramos do Camino Frances que precisan unha maior urxencia e incidirase de xeito directo e inmediato sobre a configuración dos propios camiños de peregrinación, dos lugares de reunión e de uso que se estruturan ao seu redor e dos elementos esenciais que os rodean, limitan e lles dan forma. O obxectivo da consellería é que o Plan de restauración e posta en valor dos Caminos de Santiago se amplíe a todos os Caminos de Santiago no seu desenvolvemento futuro.

Esta primeira fase inclúe actuacións nos municipios de Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos, Paradela, Monterroso e Palas de Rei na provincia de Lugo; e Melide, Arzua, O Pino e Santiago de Compostela na provincia da Coruña. Esta primeira fase

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

completarase coas actuacións previstas en Gonzar (Portomarín) e Barbadelo (Sarria), que se presentaran proximamente.

Os proxectos preveñen actuacións de mellora nos pavimentos, resolución da recollida de auga, colocación de mobiliario urbano complementario, recuperación de elementos etnográficos, plantación de especies vexetais autóctonas ou o uso e fomento de técnicas e materiais tradicionais en cada un dos ámbitos. Tras a autorización do Consello da Xunta, a consellería formalizará o desenvolvemento destes once proxectos co Ministerio de Fomento e os concellos implicados para comezar as obras nun prazo de tres meses. A previsión é que as obras estean rematadas entre finais deste ano 2010 e comezos do 2011.

Provincia da Coruña

En Santiago de Compostela realizarase unha actuación no núcleo de San Paio, nun conxunto de casas contorno da igrexa de Santa Lucía de Sabugueiro, por valor de 150.707 euros. A finalidade da actuación é a mellora do espazo na área da igrexa polo que pasa o Camino de Santiago, eliminando ou minimizando os impactos visuais negativos existentes. Realizaranse traballos de limpeza da vexetación, instalación dunha nova marquesina, eliminación dos postes de instalacións e soterrado das liñas, nova pavimentación do espazo de contorno ao adro, substitución dos bancos e mellora da iluminación pública.

No contorno da capela de Santa Irene, no Concello do Pino, investiranse 126.751 euros para diferentes actuacións. En primeiro lugar, perfilarase o camiño a carón da igrexa, completarse o pavimento no tramo do paso baixo da estrada Santiago-Lugo e realizarase un tratamento vexetal da parede de formigón que hai baixo a estrada. As mesmo, limparase e repararase o pavimento de lousas, a fonte, canles e canos e diminuírse o impacto das instalacións eléctricas. Construírse unha beirarrúa que conecte a ermida cunha carballeira próxima e instalarse un punto de información sobre o ben de Santa Irene e o seu contorno.

Investiranse 243.318 euros na parroquia de Boente de Arriba (Arzúa) para a súa posta en valor. A actuación centrase na substitución e soterramento dos cables aéreos e na mellora das instalacións de saneamento, abastecemento e recollida superficial de augas pluviais. Recollese ademais a pavimentación das zonas de paso e os espazos de estancia. Na zona baixa da fonte e do cruceiro realizarase unha nova pavimentación que se estenda atravesando a superficie da pista e substituíndo a beirarrúa. Deste xeito, preténdese poner en valor a zona máis representativa da aldea, sinalando a presenza do Camino.

Para o acondicionamento do espazo público nas proximidades da igrexa de Santa María, en Melide, realizarase un investimento de 243.313 euros. En primeiro lugar, preténdese liberar visualmente este espazo dos cables aéreos e os postes dos tendidos de electricidade e telefónica a través do seu soterramento. Aproveitarase para substituír os

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta

elementos de iluminacion publica existente e redefinir o pavimento, organizando os usos do espazo e marcando a linealidade do Camino para definir un ambito onde poidan aparcarse temporalmente os vehiculos. A actuacion mellorara diversos elementos do contorno que conforman as vivendas, actualmente moi desordenados, tales como pavimentos, bancadas, zonas de terra e pequenos peches.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta**BENESTAR COFINANCIA UN PROGRAMA DE FORMACION OCUPACIONAL E PROFESIONAL DO QUE SE BENEFICIARAN 400 PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboracion con Cogami co que se pretende fomentar a insercion laboral dun colectivo que presenta especiais dificultades a hora de atopar un traballo*
- *A Xunta investira preto de 600.000 euros nesta iniciativa que se cofinancia con fondos da Union Europea*
- *A iniciativa pretende incrementar especialmente a participacion na formacion e o emprego das mulleres con discapacidade*

A Goberno galego investira preto de 600.000 euros para financiar o programa de formacion ocupacional e profesional que desenvolvera este ano a Confederacion Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami).

O Consello da Xunta acaba de autorizar hoxe a sinatura dun convenio de colaboracion con esta entidade que, por unha banda, impartira cursos de formacion ocupacional no centro de Fingoi (Lugo), dirixidos a persoas cun grao de discapacidade grave e, por outro lado, levara a cabo un programa de formacion profesional destinado a persoas con discapacidade cun grao igual o superior ao 33 por cento. A Administracion autonómica preve que preto de 400 persoas se poidan beneficiar deste programa.

O obxectivo desta iniciativa e fomentar a formacion e a insercion laboral deste colectivo que presenta especiais dificultades a hora de atopar un traballo. A finalidade do programa e optimizar as capacidades destas persoas e ao mesmo tempo tratar de incrementar a participacion das mulleres con discapacidade para acadar a igualdade entre homes e mulleres e, as , lograr a eliminacion de todas as formas de discriminacion de xenero. O programa tamen busca favorecer a conciliacion da vida laboral e familiar.

O convenio, que se asinara previsiblemente este mesmo mes, enmarcase dentro do Programa operativo do Fondo Social Europeo-Galicia 2007-2013 en que se inclue como prioridade a loita contra a exclusion social e en particular de grupos desfavorecidos como son os colectivos de persoas con discapacidade.

INFORMACION AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MEDIO RURAL FINANCIARA OS PRESTAMOS PARA MELLORA DE
EXPLOTACIONES E INCORPORACION DE MOZOS A ACTIVIDADE AGRARIA**

- *O Consello autorizou a Conseller a para adquirir compromisos de gastos plurianuais para financiarlles os xuros aos titulares de explotacións agrarias derivados das moratorias destes préstamos*
- *Esta medida tomase tendo en conta a escaseza de crédito nos mercados financeiros, que dificulta a viabilidade e competitividade das explotacións*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Conseller a do Medio Rural para adquirir compromisos de gastos plurianuais para financiarlles os xuros aos titulares de explotacións agrarias derivados das moratorias dos préstamos vinculados coa mellora de explotacións e incorporación das persoas mozas a actividade agraria.

Poderan ser beneficiarios destas axudas os agricultores que subscribisen un préstamo concedido no seu día ao amparo do convenio asinado pola Xunta con entidades financeiras para o financiamento de investimentos relacionados con estas axudas, e que se encontre en período de amortización.

Escaseza de crédito

Esta medida tomase tendo en conta que na actualidade a situación de escaseza de crédito nos mercados financeiros dificulta aos titulares de explotacións agrarias a súa viabilidade económica e competitividade. Para paliar en parte estas dificultades pretendese establecer a posibilidade de conceder moratorias para a amortización dos préstamos.

Estas axudas facilitarán aos titulares dos préstamos que acorden coas entidades financeiras unha carencia de ata dous anos de duración na amortización dos citados préstamos e, unha vez finalizada, reiniciaránse as obrigas do prestameiro nos termos establecidos nos convenios subscritos.

Intereses

A Conseller a do Medio Rural financiará os xuros que correspondan, remunerando as entidades financeiras por cada carencia concedida en función do capital pendente e do tipo de xuro establecido nos convenios.

O importe total do compromiso de gasto por parte da Conseller a do Medio Rural que autorizou hoxe o Goberno Galego ascende a 542.193,78 euros, que se distribuirán nas anualidades de 2010, 2011 e 2012. Esta cantidade poderase incrementar con fondos adicionais procedentes desta ou doutras administracións.